

HEROÍNAS COTIÁS

ESCALETA - LISTADO ESCENAS

- 1. POR FIN, UN TEXTO E UN ESPELLO**
- 2. QUO VADIS CONCHA**
- 3. AS CARREXADORAS DA CAMPÁ**
- 4. MARU PRESENTA: UN MIX DE REALIDADE E FANTASÍA
EN FERROL**
- 5. 3 XERACIÓNS**
- 6. AS CARGAS DA VIDA**
- 7. UNHA MEDIA RACIÓN DE CARPIDEIRAS**
- 8. ABAFAR PANDERETEIRO**
- 9. FINAL FINALISTA - RECITADA DE SAÍDA, XA SAEN AS
HEROÍNAS**

1 - POR FIN, UN TEXTO E UN ESPELLO

Ruído, pero que moito ruído. Non queren saír. Revolución no elenco. CHARI entra no escenario, olla ó público e descúlpase con xestos. Indica ás outras que saian. Como non fan caso, emprega berros, insistindo. Seguen as protestas. Chari sae de escena e, a empurróns, saca ás outras a escena. Estas, con caras de asustadas, colócanse en fila coas follas nas mans.

CHARI - *(dándose de conta)* – Pero... deixade as follas atrás!

TODAS - Non, non!

CHARI – Como non?

KENY - Nin de coña.

SOL - Pero non ves que temos “cambios de última hora”?

ALBA - Non nos deu tempo a aprendelos...

CHARI – As veces pasa...

CHUS - O “señor dramaturgo” - *(ollan todas para o dramaturgo, se é que está na sala...)*
- non tivo tempo de deixarnos unha obra “perfectamente rematada e preparada para estrearse”.

ESTHER - Que estiveramos tranquilas..!

PATRI – *(con mofa)* - “Eu non deixo vendidas ás actrices ante o público”

SABELA – “Pasade un bo verán”, dicía... Bo verán foi o que tiveron o meu home e as fillas, todo o día na praia! E eu aquí, pendente de que enviara o fodido texto!

CHARI - Pois xa estamos aquí. Se non o sabedes... pois a improvisar... *(quítalles as follas e bótaas fóra)*

As outras protestan, pero Chari chántase e, sinalando ao público, agarda a que comece.

CHARI – *(apurándoas)* – Que? Non comezamos..?

As outras óllanse unhas ás outras e negan coas cabezas.

CHARI – E agora?

CHUS – Que nos da cousa empezar

CHARI – E logo?

ALBA – Polo tema da obra

CHARI – Que pasa co tema?

ESTHER – *(en baixiño)* Que fala de mulleres...

CHARI – Que?

TODAS – *(en alto)* - Que fala de mulleres!

CHARI – Si... e que?

SABELA – *(facendo xestos evidentes)* – Que fala de nós!!!!

CHARI – Claro!?

PATRI – Como lle vai interesar a nosa vida ao público?

CHARI - Porque falar de nós tamén é importante...

ALBA – Si, ho... temos unhas vidas interesantísimas...

ESTHER – Se somos moi normalañas...

KENY - Eu vou saír no seguinte número do “*HOLA*”, o do xoves.

CHUS – E a miña vida vai ser o argumento dunha serie para a televisión.

CHARI – *(collendo paciencia)* – Por suposto que as nosas vidas son importantes e teñen cousas que poden servir a outras persoas; ademais, poñémonos na pel doutras mulleres correntes coma nós ou coma as que están nas butacas...

SOL – Como se foramos un espello no que se poden ver reflectidas?

CHARI – Si, ou como poden ser as mulleres coas que convivan, non sei... Somos nós... e tamén somos elas.

TODAS – Aaaah...

A partir de agora, cando falan, desprázanse, ollan e diríxense ao público. Conformarán unha figura conxunta.

SOL – Pois eu, cando me vexo no espello, e sobre todo pola maña, vexo unha señora chea de engurras; e a esa señora uns días véxoa con moitas cousas vividas e moito que contar desa vida... e con gañas de vivir e contar outras tantas. E outros días vexo a esa mesma señora como se non tivera vida pasada e con poucas ganas de facer cousas novas. Iso si, os días que me vexo poderosa e vivida son moooooitos mais, eh?

ALBA - Eu no espello véxome reflectida a min mesma, a unha muller nova que ten moitos anos por vivir e as veces co pelo como unha leona.

CHUS - Ás veces vexo como pasa o tempo por min. Cústame recoñecerme e non me gusto nada. Outras veces fago acenos, boto un sorriso e trátome mellor.

KENY - Pois eu, vexo unha muller arrepentida de non facer moitas cousas que no seu día puido facer e non o fixo. Pero hoxe en día, con moitas gañas de facer moitas e desfrutar de todas elas.

ESTHER – Mírome no espello e vexo unha muller madura, que non se rende nunca e segue enganchada á vida, ás loitas e ás festas!

PATRI - Dun tempo a esta parte, no espello vexo a unha, xa non tan rapaza, esgotada e que apenas se recoñece; mañá, agardo ver outra cousa.

SABELA - Eu cando me miro no espello vexo grans, manchas, pelos, engurras, canas e uns ollos verdes que me din... como pasa o tempo! Ademais dunha rapaza seria!

CHARI - Realmente mírome pouco ao espello, miro sen verme. Tería que pararme máis, pero sempre ando a mil cousas... Outras veces vexo á “chica yeyé”, co pelo alborotado, e dou un chimpó - *(pausa e con solemnidade)* - Estas son as historias dunhas mulleres, que poderíamos ser nós ou vós - *(Fan un xesto final. Pausa. Fala coas outras en baixo)* - Vedes? Non foi tan difícil.

CHUS - *(entre dentes)* - E como facemos para saír?

CHARI – *(en baixo)* - Baixarán a luz e saímos na escuridade...

KENY - *(entre dentes)* - Que apuren, que teño a perna durmida...

CHARI - Agora comezan os números, a música e o baile... - *(baixa a luz)*.

SOL - Como que baile? A min non me dixeron que tiñamos que bailar... - (*entra a música por enriba, para usar no principio do seguinte número*).

A ESCURO

QUO VADIS CONCHA?

Concepción Arenal / KENY – Opositora / PATRI – Nai / ESTHER

Estamos nunha habitación, coa escena xa comezada. Hai unha cadeira e unha mesa con elementos de estudo (libros, papeis, unha lámpada...) A opositora repasa os temas dun exame que ten ó día seguinte. É unha presentación oral e está moi nerviosa. Concha - (porque vai ser Concha para nós) - permanece de pé, observándoa.

PATRI– (*esforzándose, fala de memoria*) - “Nunha época onde as autoridades deixaban, por acción u omisión, os servizos sociais en mans da Igrexa... - (*pensa e fala moi rápido*) - a intelectual galega diferenciou claramente a beneficencia, que debía ser asumida polos poderes públicos, e a caridade, que representaba unha actitude cristiá”.

CONCHA – Moi ben.

PATRI- Non dou, non dou...

CONCHA - Tranquila muller.

PATRI- Vanme machucar no tribunal...

CONCHA - Se o tes moi preparado.

PATRI– Pfff, preparado?

CONCHA - Só queda a exposición oral, máis nada.

PATRI– Máis nada? É o peor! E por riba estará ese catedrático experto na túa vida e milagres... Por aquí teño o seu libro, olla.. - (*busca o libro e ensínalle a portada*).

CONCHA – (*ollando a portada sen tocalo*) - “Concepción Arenal, unha falsa feminista?”, de Camilo Rego Docampo. Carainas... falsa... Vai con todo o señor!

PATRI- Para a maioría da xente, o teu legado redúcese a unhas poucas frases do tipo: “Odia o delito e compadece ao delincente”; “Abride escolas e pecharán cárceres”. Poden contarse cos dedos dunha man a xente que leu algún libro teu.

CONCHA – (*burlona*) - Cantos liches ti?

PATRI– (*sorprendida*) Mmmm...tres.

CONCHA – (*burlona*) - Vale, vale...

PATRI– (*apurada*) - E lin moitos estudos e artigos sobre ti!

CONCHA – (*senalando ó libro*) - E son todos como ese?

PATRI- Pois hai de todo – (*olla a cara inquisitiva de Concha e disimula*) - Pero a maioría en positivo, sabes?

CONCHA - (*ri con gañas*) - Hahahaha... Vaia cara que puxeches! Non te preocupes, rula. Xa era criticada na miña época – (*pausa*) - E máis aquí que no estranxeiro!

PATRI– A ver... - (*pensa*) - Hoxe en día politízase calquera cousa do pasado. Así, moitos personaxes históricos de primeira fila ou ben sálvanse por razóns políticas ou, pola contra quedan engulidas pola politización.

CONCHA – Non hai termos medios?

PATRI– Mmmm... son os menos. Vivimos tempos moi polarizados.

CONCHA – Entendo... En que me critican? Veña, como se fora unha pregunta do exame de mañá.

PATRI – (*enfadada*) Oh...!!! A traición? Vale, vale! (*concéntrase por un intre e pensa. Cando está preparada, fala*) - Posición conservadora: algúns críticos consideran que mantiveches unha posición conservadora no que respecta aos roles tradicionais de xénero.

CONCHA - Eu non creo na inferioridade da muller con respecto ao home. A diferenza está nunha discriminación de natureza educativa e unha reforma da mesma implicará un mellor destino para as mulleres.

PATRI - Relixión: cuestiónase que a túa relixiosidade influíu na visión dos temas sociais e políticos, así como na proposta de reformas baseadas nunha moral cristiá.

CONCHA - Ui... Isto vai para longo. Voume sentar - (*séntase*) – Si, eu son unha muller católica e liberal, e fun partidaria de solucionar problemas importantes da sociedade a través da xenerosidade e o altruísmo. Para min, a caridade non pode ser condescendente cos máis necesitados e rexeito fortemente que se responsabilice aos pobres da miseria que padecen. Por certo, critiquei que non houbera sacerdocio feminino. Tantas Santas, tantas Virxes e non hai curas mulleres? En fin...

PATRI - Fuches máis unha reformista ca unha revolucionaria, iso é evidente...

CONCHA - Naquel tempo outros propuñan ideas máis radicais e apostaban por outras estratexias. Afasteime de extremos, centrándome só en educar e traballar.

PATRI - A palabra feminismo non aparece nas túas obras...

CONCHA – Tes toda a razón. Ese concepto non existía na miña época, pero sempre rexeitei que a única misión da muller era ser esposa e nai. Debemos afirmar a nosa personalidade, independentemente de estar solteira, casada ou viúva. Temos dereitos que cumprir e que reclamar, así como deberes que asumir. Esa dignidade non depende de ninguén máis que de nós mesmas. Que máis?

PATRI – Nada máis – (*ollando nos papeis*) - Esas son as críticas principais que entran no temario.

CONCHA – Non está nada mal. Esta a tes ben preparada. - (*ri*) – Antes dixen que no meu tempo foi moito peor -(*érguese*) - Cando o congreso de Estocolmo, esas si que foron críticas.

PATRI – Foi un escándalo! Como se che ocorreu criticar tan duramente o sistema penal do país? E por riba no estranxeiro?

CONCHA – Porque son unha auténtica patriota e, para min, iso resulta incompatible coa mentira. Non se deben disimular os aspectos que non funcionan da nación. Caia quen caia.

PATRI – Tivo que ser moi duro aguantar toda esa presión...

CONCHA – (*pensando*) - Verás... As malas leis atoparán sempre, e contribuirán a formar, homes peores que elas, que serán os encargados de executalas.

PATRI – Digan o que digan os papeis, se agora estamos mellor é por mulleres coma ti.

CONCHA – Moitas grazas, filla. Se case 150 anos despois, non mellorarades... sería preocupante – (*rin as dúas*)

PATRI – Teño unha pregunta, pero xa é unha cuestión miña.

CONCHA – Dime.

PATRI – Unha muller do seu tempo, que fixo o que fixo por tantas persoas... tiveches que renunciar a cousas?

CONCHA – (*amablemente*) - Desculpa, pero nunca falo de min mesma. Tranquila, non me molesta a pregunta. É un xeito de respectarme como estudosa, de poñer atención ao que de verdade é importante para min, o meu traballo...

NAI – (*desde fora de escena*) - Patri, Patri...!!!

PATRI – (*achegándose á porta*) - Que pasa?

NAI - (*desde fora de escena*) - Non sabes que hora é? Ven cear! (*Concha deixa caer unha folla e esvaece nas sombras*)

PATRI – Xa vou...

NAI – (*desde fora de escena*) - Vaiche estalar a cabeza de tanto estudar!

PATRI - Que si, que xa vou... - (*xirándose*) – Entendo que falar de ti mesm.. – (*Concha non está*)

PATRI – (*colle a folla e le*) – “Máis dunha vez pregunteime polo sentido de tantos esforzos e sacrificios en favor dunha sociedade que non era capaz de recoñecer as súas eivas. Nun dos meus libros escribín un verso que dicía: “Por que obrar se son unha voz que ninguén escoita?” – (*pausa*) - Pois porque non se perde o tempo que se emprega procurando facer o ben. Todas as cousas son imposibles, mentres o parecen”.

A ESCURO

AS CARREXADORAS DA CAMPÁ

(Un grupo de mulleres de condición humilde, mais coas mellores galas aparece en escena, apertáanse moito, porque están arrodeadas por unha multitude. Hai milleiros de persoas. Unha delas adiántase e fala.)

SABELA - Titi ri tiiii, Titi ri tiii!!! No nome do Señor Alcalde D. Antonio Togores y Corbián, faise saber que o vindeiro día 18 de agosto do ano do Noso Señor de 1879, celebrarase a inauguración do Dique da Campá, ou de San Xulián! A este acto acudirá no nome da Súa Maxestade Alfonso XII, o Excelentísimo Ministro de Marina D. Francisco de Paula Pavía y Pavía. Este fito extraordinario no mundo enteiro, atraerá a autoridades e visitantes de todo o Reino, incluídas as terras de Ultramar: América e Filipinas! Este dique supera todo o visto anteriormente: 145 metros de longo, 27 de ancho e 12 de profundidade... - *(aparece Chus)*

CHUS – Desculpa unha cousiña...

SABELA - Si? Dime..

CHUS - Dise “145 metros de eslora, 27 de manga e 12 de calado” - *(ollando cara ao público)* - Que somos de Ferrol...

SABELA - *(ollando á xente)* - Aaaah... - *(pausa)* - Pois segue ti... - *(vaise coas outras)*

CHUS - Pero... - *(sorprendida pola “honra”)* - Eh...mmm... Cun custo de 25 millóns de pesetas e unha duración de 7 anos, na súa construción desprazáronse 245.000 metros cúbicos de terra, cun peso estimado en 174.000 toneladas, levados en cestos sobre os seus ombreiros por 200 mulleres de Ferrol e da súa comarca! As “carrexadoras”!!!

(Vai coas súas compañeiras, que están moi apertadas, algo apartadas do escenario principal. Escóitase o balbordo da multitude.)

SOL - Que lonxe estamos...

ESTHER – Xa vos dixen que tiñamos que quedar máis cedo!

CHARI – Como ti non tes que facer na casa...

ESTHER - Ñiñiñiñi...

PATRI – Non podo moverme da xente que hai...

ALBA – As sardiñas en salgadura están máis cómodas ca nós!

(Alguén empúrraas desde detrás e quéixanse.)

ALBA – Ai...que caio!

SABELA – Deixade de empurrar!

CHUS – Un pouco de respecto que chegamos antes!

KENY - *(desde detrás)* - Deixádeme pasar, que non vexo nada!

(Keny faise paso e, a empurróns, consegue colocarse diante das outras.)

KENY - Sodes tan altas que non vexo nada con vós diante.

SOL – Hai que amolarse, se son máis baixa ca ti...

CHUS – Vaia aires...

SOL - E ese pano tan elegante? A quen queres impresionar?

KENY - É da miña curmá, Lela, que mo deixou para a inauguración.

ESTHER – Pois estás guapísima!

PATRI – Isto é increíble. Canta xente hai!

CHARI – Ollade! Creo que alí están Charito e as outras... - *(berran e saúdan)* - Ola! Ola Charito!

CHUS – Nada, nin caso. Non poden escoitarnos.

ESTHER - Con tanta xente é imposible!

SABELA – E cando vai comezar isto? Estame entrando a fame...

CHARI - Teño empanada...

ALBA – De sardiñas?

CHARI – De liscos... Non tiña outra cousa e por iso saín máis tarde da casa...

(Reparte entre todas e falan mentres comen)

PATRI - *(comendo)* - Está ben boa... - *(pausa)* - Pero...ese que está preto do palco non é Quico “O Lambe-Lambe”?

SOL – *(comendo)* - Onde?

PATRI - Alí, onde os oficiais da Marina, non ves? Pois xusto debaixo...ó lado da saída das válvulas, muller... Onde deixaron as bombas de achique antes de colocalas...! Xusto aí...!

CHUS – “O Lambe-Lambe”...que gallofeiro... Que pinta ese aí, se só rañou no carallo durante toda a obra?

ESTHER – Que vai ser! - *(con ton de burla)* - Que é o sobriño do encargado do material de cobertura...

CHUS – Outro que tal... Ese ten a cara máis dura que os calos que temos nas mans!

KENY - Veña, que semella que comeza... - *(todas móvense para ver mellor)* - Os mandóns xa están no palco...

SOL – *(ollando)* - Si, o Ministro é o da esquerda... o que leva máis medallas - *(mentres fala as outras ollan para ela abraiadas)* – Don Francisco de Paula Pavía y Pavía, anterior 2º xefe de departamento, comandante subinspector do Arsenal e Capitán Xeral do departamento de Ferrol. É a terceira vez que ocupa o cargo de Ministro.

PATRI – Carainas, María Soledad, como sabes tanto dese home?

SOL – Pois de estar de retén na súa casa cando tiña convidados e precisaban máis xente de servizo.

ESTHER – Igualiño que nestes días. Pagan o que sexa para ter quen lles traballe nas casas. Non dan a basto con tanto visitante!

ALBA - Ata o Teatro Principal, que pecha no verán, oferta servizo de comidas e ceas.

(Escóitase unha voz de lonxe, sen entenderse o que di)

CHARI – Que di?

CHUS – *(en baixo)* - Shhh...que non escoito...

SABELA - *(facendo un esforzo para escoitar)* - “...de su Majestad el Rey...” – *(escoitando)*- “...hoy presentes para tan magno...” - *(escoitando)* - “...de los grandes esfuerzos de los ferrolanos...” – *(resignada)* - Eh...pffff, non sei que máis...

CHUS – *(en baixo)* - Esforzar si que nos esforzamos, que llo digan ás miñas costas.

PATRI – *(en baixo)* - Tes razón, que este furado ten moito de nós...

ESTHER – *(en baixo)* - Iso...terían que chamalo “O dique das Carrexadoras”.

(Todas rin polo baixo. Escóitanse “Vivas” de fondo e elas reaccionan.)

TODAS – Viva! Viva!

KENY - Aquí ven o bispo...

CHARI – Xa estaba tardando...

(Gardan silencio solemne. No medio da homilía, unha bota un sonoro peido. Tentan aguantar o riso, pero algunha non pode resistilo, danse empurróns e cotobeladas, disimulando malamente.)

TODAS - *(medio a risos)* - Aaaa - mén! *(persígnanse)*

ALBA – Ai... Agora vai, non si?

SOL – A ver se apuran un pouco que xa estou un pouco farta de estar así...

CHARI – E como inauguran un dique?

SABELA – Pois non sei...

PATRI - *(sinalando)* - Aí está, entra a auga!

(Abraiadadas, ollan como miles de litros de auga entran a medida que o dique ábrese. Todas vitorean, asubían e aplauden no medio da algarabía da multitude.)

KENY - Viva o dique da Campá!

ESTHER - Viva Ferrol!

SOL - Vivan as carrexadoras!

(Diminúe o entusiasmo xeral. O acto principal remata)

CHUS – Por fin... Isto rematou - *(en broma, á xente)* - Veña vaian saíndo!

(Como a xente comeza a irse, as nosas carrexadoras poden separarse para esta máis cómodas.)

PATRI – Ufff... Moito mellor - *(inspira)* - Xa podo respirar!

SABELA - Vou para casa que teño presa, as cativas están soas e...

ALBA –Eu tamén teño que irme!

CHUS – E eu, que mañá atraca o carboeiro que fondea na ría e haberá moito que carrexar...

(As máis xoves fan ademán de irse.)

CHARI – Agarda...

ESTHER – Agardade un intre...

SOL – Vide con nós. Acheguémonos ó borde

(Avanzan todas. As máis vellas sacan unha flor cada unha e forman un ramallete. Cun xesto indican ás outras a que se acheguen preto delas.)

SOL - *(co ramo nas mans e en voz baixa)* - Vai por ti, Antonia. Vai por nós.

(Tira o ramo. Agardan un intre de silencio. Algunha persignase ou despídese)

KENY – Imos?

SOL – Si, imos.

(Saen mentres falan das súas cousas)

A ESCURO

MARU PRESENTA: UN MIX DE REALIDADE E FANTASÍA EN FERROL

MARU – CHARI

SOLDADO / AGRESOR - PATRI

DANZANTES – RESTO DE ELENCO

Primeira parte - A realidade fantasiosa

(Soan as campás sinalando unha hora. Hai xente paseando e por un lateral entra MARU levando un par de maletas, ou mellor, un saco de roupa dos militares. Detrás dela ven un militar)

MARU - Veña señorito, que xa chegamos - *(avanzan ata o outro lado)* - Ve? Que lle dixen? Chegamos sobrados. Acaban de dar as en punto! - *(fai un xesto coa man, solicitando o diñeiro. O soldado dálle unha moeda. Ela óllaa con intensidade e dá a súa aprobación)* - Moi ben. Un prezo xusto... Moitas grazas! - *(fai amago de saír)* - Quere que lle faga compañía ata que chegue o tren? - *(retranqueira)* - Tranquilo, que non quero nada con vostede! - *(confidente)* - Así agardo polo tren que vén e, se cadra, tamén levo fardos de volta... - *(pausa)* - Si? En serio? Moi ben! - *(colócalle a maleta e indícalle que sente enriba)* - Os bancos non están moi limpos ultimamente... ademais este fardo semella moi resistente...Ve? A que si? - *(quedan en silencio unha a carón do outro. Ao rato Maru comeza a falar)* - A ver se teño sorte e ven algunha parella... As veces veñen, sabe? El tan fachendoso co uniforme de paseo e ela coas mellores galas... - *(érguese e interpreta o que di)* - Boa tarde señor! Boa tarde señora! Teñen fardos que levar? Eu lévollos sen problema ata onde vostedes me digan. Coñezo toda a cidade e todos os atallos! - *(pausa)* - Como que non vou poder? Pero non ve que aínda que fraca, estou coma un buxo? Mire, mire... - *(palpa os bíceps)* - Máis duros que o aceiro da quilla! Vostede entende, verdade? A que sei do que falo? Unha vez levei un baúl máis grande ca min! - *(fai o xesto)* - Era dun tenente de navío andaluz que cambiaba de destino! Se me vise con el ao lombo... Desde o cuartel ata aquí, pim-pam, pim-pam... Deume un duro de propina, un duro! Ha! - *(ao soldado con discreción)* - Todo un personaxe ese tenente... pero non digo nomes, máxima discreción! - *(segue coa parella imaxinaria. Colle os trastes imaxinarios)* - Onde imos? - *(pausa)* - A capitanía? - *(moi impresionada)* - Oh, fantástico, señor oficial! - *(fai que camiña)* - Que, esta é a súa primeira vez en Ferrol? Vaille encantar a cidade, señora.

Enseguida vai atopar amizades e poderá pasear polas rúas do centro! Todo moi seguro, sabe? É pequena e grande á vez, con xente de todas partes! É moi doado orientarse nesta rede de rúas e bla-bla-bla-bla... - *(ao soldado)* - E así, de leria, fago o camiño e doulles un paseo... - *(Soa o tren chegando e o soldado prepárase para marcharse, collendo a equipaxe. Saca outra moeda e entrégalla a Maru)* – Moitas grazas, señorito! Que teña unha boa viaxe! – *(o soldado sae)* – Recomendeme cando chegue a Cartagena! Son Maru!!!

Segunda parte - A desasosegada realidade

Comeza a música e Maru agarda a que alguén precise dos seus servizos. Pero non, ninguén o fai. Ela decide irse e vai camiñando cara onde ten o seu refuxio para descansar. Achégase á trama de cordas, onde descolga unha manta, túmbase e ponse a durmir. Comeza a soñar.

Unha escena que recrea de xeito irreal, o que lle aconteceu a Maru: muller abandonada por todos, que remata voltándose tola.

Entran unha serie de personaxes enmascaradas con actitude festeira. “Arriba Maru, temos que ir á festa”. Todas danlle a benvida, porque é unha máis. Ela está marabillada. Todas as participantes comezan a bailar unha danza e collen a Maru para unirse a elas. Nun intre concreto entra outra personaxe, cunha máscara diferente, que se une á danza. As outras crean un muro co baile e por detrás Maru é agredida por esa nova personaxe. Maru cae e o agresor fuxe. As outras arrodean a Maru, quen, dorida, érguese e busca axuda. As outras sinalan para ela! Está embarazada. Ela trata de explicarse, pero as outras achéngase furiosas e, cun xesto violento arrincan o que está no ventre. Suplica axuda pero as outras prepáranse de novo para bailar e afástanse dela, abandonando o escenario. Pouco a pouco, Maru comeza un baile solitario, pero hai algo que non vai, como se fora unha abella sen aguillón, os seus movementos reflicten o que está na súa cabeza. Abaneada polo baile, chega onde o seu refuxio e ponse a durmir outra vez.

A ESCURO

3 XERACIÓNS

Aparecen en escena tres mulleres de distintas xeracións. Representan a unha AVOA (KENY), unha NAI (CHUS) e unha FILLA (PATRI).

AVOA - Eu son avoa e nai.

NAI - Eu son nai e filla.

FILLA - *(chegando tarde e falando polo móbil)* - Teño que colgar, que estou ocupada. Chao, Espe! – *(colga e garda o teléfono)* - Eu son filla – *(descúlpase ante as outras)*.

FILLA – Somos tres mulleres que pertencemos a xeracións diferentes, pero eu non quero ter unha vida coma a delas.

NAI - Eu non quería a dela – *(senalando á avoa)* - e non sei se me gusta a desta - *(senalando á filla)*.

AVOA - *(ri)* – Hahahaha! O que vos queda por vivir! - *(as outras ollan estrañadas)*

AVOA - Eu nacín na aldea, mentres a miña nai andaba nas patacas. Limpoume co mandil, meteume no cesto e continuou no seguinte rego.

NAI - A miña nai deu a luz na súa cama, coa axuda da veciña que era comadroa. Deulle un grollo de “Sansón” para espabilala, a min unha hostia no cú e enchufoume á teta!

FILLA - O meu nacemento foi no Hospital Xeral, con todo o persoal e a tecnoloxía máis moderna. Non sei porque se queixa miña nai, se só tardei corenta e oito 48 horas en saír!

NAI - Eu fun á escola primaria. Despois fixen uns cursos de labores do fogar e, co tempo, outro de administrativa.

FILLA - Eu teño unha carreira, un master, dous post-graos, falo tres idiomas e domino o paquete de Office.

AVOA - Os estudos eran para a xente con cartos. Se non sacaba as vacas a tempo, os meus pais si que me metían un paquete!

NAI – Eu traballo basicamente na casa, pero vou tres días, a media xornada, a unha xestoría do centro!

AVOA – Para min o traballo é sempre igual. Da casa ao campo, do campo á casa! Faga frío ou calor, noite e día! 24/7, señora!

FILLA – Eh... Pois eu teño catro traballos entre semana! Ah, e as *findes* á noite fago *Gintónis* no Pub Medulio! Entrada seis euros, primeira copa incluída!

AVOA – Que que comemos hoxe? COMIDA!!!

FILLA – Eu como de xeito equilibrado e natural. Son ovolactovegana estrita! – (*falando en baixo*) - Aínda que no Patrón sempre cae un bo cocido.

NAI – (*ollando para ela*) - Cocido? E lentellas, caldo, croquetas, polo asado, callos, tortilla con cebola... E se sobra, que o poña en “tuppers” para levar, non si?

AVOA – Eu vivo na mesma casa que os meus pais e os meus avós. Está na aldea. A auga da traída chegou hai quince anos, os galos cantan á hora que lles peta e non hai WiFi!

FILLA – Eu vivo de aluguer nun *mini apartment* da cidade. Teño todo o que preciso en 20 metros cadrados. E por 800 euros!! Choiazo!!!

NAI – Eu teño un piso de verdade, pagado a trinta anos, co noso esforzo. Zona ideal, soleado, cambiamos as ventás e os azulexos do baño pequeno - (*en baixo*) - En venta por 100.000 euros! Xa hai varios pretendentes...

AVOA – Como era a maior, quedei na casa a coidar aos meus vellos. Era o que tiña que facer e punto.

NAI – Eu levareite ao meu piso para coidarte, porque é o meu deber.

FILLA – Eu afoffrarei para que esteas cómoda nunha residencia e para non molestarte en nada...

NAI – Encántame viaxar. Saíamos en coche todos os domingos a visitar a contorna. Agora estamos agardando a que nos toquen as viaxes do INSERSO! Imos aló, Benidorm!!!

FILLA – (*suspirando*) - Eu fixen tantas excursións no cole e no insti... Tamén estiven de Erasmus en Croacia coa universidade. Uuuuhhh! Incrible! - (*fastidiada*) - Agora vou de viaxe coas *influencers* de Instagram!

AVOA – A viaxe máis longa que fixen na miña vida foi á Coruña. Foi para ver ó xinecólogo e xa tiña 60 anos!

NAI – Eu casei co meu Paco despois de cinco anos de noivos. Este ano cumprimos as bodas de prata!!!

AVOA – O meu defunto Xoan pedíame bailar nas festas. Díxenlle que non todas as veces. Duroume 48 anos!

FILLA – Non son de ataduras. Eu gosto do poliamor! Ademáis, Tinder vai de marabilla! - (*en baixo*) - Vostedes entenden, verdade?

AVOA - Tiven 7 fillos sen axuda de ninguén. 4 nenos e 3 nenas!

NAI – Nós fomos pola parelliña: Xosé María e María Xosé.

FILLA - Na casa teño a *Chichi*, a miña chihuaua. - (*recibe unha chamada en directo*) – Si? (---) Son eu (---) Os resultados da probas! (---) Ah, todo ben! (---) Como “en hora boa”? (---) Que estou embarazada???(---) De xemelgos???(---) - (*do susto non se ten en pe*).

(*As outras achéganse para axudala*)

NAI – Parabéns! Aquí estamos nós para axudarte!

AVOA – Ánimo! Que vou preparando o cesto das patacas!(*Saen falando entre elas*)

AS CARGAS DA VIDA – BAILE TIKTOKERO A RITMO DE SWING

CHUS - Cando chegamos á vida, temos unha viaxe apaixonante por diante. Na realidade, non sabemos o que vai ser de nós pero seguro que é vertixinosa! Atesouramos e perdemos experiencias, xente, cousas e lembranzas... A vida é marabillosa!

(Comeza o baile, comeza a vida. Entran e saen persoas e obxectos)

VIVENCIA	PERSOAS	OBXECTOS
que comece a vida	CHUS	saca un biberón
infancia	Amiga Entra con mandilón posto e un xoguete	(tira o biberón) xoguete por debaixo - mandilón
adolescencia – instituto – festa – botellón – primeiros amoríos	Mesma amiga + maior Parella (trae corazón)	fora mandilóns mochila corazón (que se parte) botellón
formación – primeiro traballo	Amiga Xefe	papeis que estudar + flexo diploma + foto oficina + soldo
amor “definitivo”	Amiga alónxase Parella 1 Parella 2 Xefe	Cada un trae un corazón que non se parte Elixo a un deles
casamento	Parella Xefe Amiga	veo branco ramo ramo
casa – hipoteca	Parella Xefe Amiga	hipoteca
traballo	Parella Xefe	traballo
fillos	Parella Xefe	Tiran bonecos, 1 + 1 +...basta!!!!

	Neno 1 Neno 2	amiga desaparece
paro	Xefe fora Parella Nenos	Tarxetón INEM?
traballo	Xefes Parella Nenos crecidos	2 traballos fora hipoteca
fillos marchan	Parella Xefes Fillos máis lonxe	Levan marcos, como se estiveran falando polo móbil
enfermidade	Parella Xefes Médico	cruz verde médico (que a acompaña ata o final) termómetro
Viúva	Xefes Médico Fillos	o marido cambia o veo por outro de cor negra
Vellez Xubilación + Insero	Médico Fillos Amigos xubiletas	bastón menciñas os amigos
Morte	Desaparecen todos Entran as da funeraria	cadaleito

Entran Esther, Alba, Sabela e Sol, levando un cadaleito.

ESTHER – Boa tarde. Desculpe o retraso, pero falta unha derradeira cousa...

CHUS - O que? Se xa estou morta, non o ve?

ESTHER - Si, si, por iso... É que teño aquí o cadaleito e...

CHUS - E que?

ESTHER - Pois que alguén ten que facerse cargo...

CHUS - Veña, ho! A tomar por aí... - *(sae con todo)*.

UNHA MEDIA RACIÓN DE CARPIDEIRAS

As que trouxeron o ataúde fican incómodas. Non saben que facer ou como continuar. A ver que sae disto.

ALBA - E agora?

SOL - Que facemos?

ESTHER - Non sei

SABELA – Non hai nada máis no texto?

CHARI – *(desde fóra, berrando)* - Improvisade!!! Que vos dixen antes?

SABELA - Vale, vale...!!! Que xenio!

ESTHER - E que facemos agora?

SOL - Algo hai que facer...

ALBA - A obra ten que continuar...

SABELA - Pero que facemos?

ESTHER - Ten que ser algo sobre as mulleres.

ALBA - Si, pero temos iso aquí - *(senalando ao cadaleito)*

SABELA - Encasquetámosllo a outro? Xa sabes... - *(sinala cara ao público)*

SOL - Non teñen pinta de morrer pronto... - *(ao público)* - Non, verdade?

ALBA - Mmmm... non sei, non sei.

SOL - E se facemos outro baile?

ESTHER - Muller! Dálle un respiro ao público...

CHARI - *(desde fóra)* – Que improvisedes dunha vez!!!

SABELA - Que si, ho! Que si!

ALBA - Que pesada...

SOL - Veña, veña... Imos ao choio...

ESTHER - Iso... A ver, algo de mulleres e un cadaleito...

(pensan todas durante uns segundos)

SOL - Mentres o pensades, vou probar o couso este...

ALBA - Que dis?

SOL - Sexa o que sexa que pensedes... Eu pídome ser o cadáver.

ESTHER - Pero, que fas?

SABELA - Estás tola?

SOL - Teño curiosidade. Se non o proba agora... cando morra que máis dará!

(Métese no cadaleito. Alucinadas e afastadas, as outras ollan a manobra)

SOL – *(avaliando)* - Pois aquí hai moito espazo e estase moi cómoda. E que calidades!

Madeira de primeira, almofada de plumas... - *(inspira)* - Cheira a novo!

SABELA – Querías que fora reciclado?

ESTHER - Xa está. Xa o teño!

ALBA - O que?

ESTHER - Carpideiras!!!

SABELA - Como carpideiras?

ESTHER - Si, as mulleres que contrataban para chorar nos enterros da xente. Cantos máis cartos, máis choros!

ALBA – Anda...

SOL - Pero iso que ten que ver coa obra?

ESTHER - Son mulleres non si? Pois vale igual...

SABELA – Perfecto, vou coller unhas cousas por aquí - *(móvese polo escenario para coller obxectos)* - Veña, poñédevos isto na cabeza

(Ela e mais as outras colócanse unha especie de veos negros)

ALBA – *(a SOL)* – Que? Como estamos?

SOL – Vaia pintas... E que ides facer?

ESTHER – Pois chorar!

SABELA - Así, a pau seco? Sen motivo?

ESTHER – Somos profesionais ou non o somos? Veña, que cada unha lle dea o seu toque!

ALBA - Non me sae nada... - *(pensa)* - Vale, xa sei. – *(chora un pouco)*

SABELA – Agora eu – *(chora un pouco máis)*

ESTHER – Vou – *(chora un pouco máis-máis)* – *(a Sol)* – Que che parece?

SOL – Eu douvos un 5 en técnica e un 6 en interpretación...

SABELA – Vale, vale. Segundo intento. Agora imos as tres xuntas e con moita máis forza! Unha, dúas e tres!

(choran de novo as tres)

ALBA – Que tal agora?

SOL – Vou ter que soltar máis pasta...

ESTHER – Pero muller, estás de broma?

SABELA – Tranquilas, que a clienta ten a razón. Imos darlle o que quere, sentimento e sensibilidade, drama e patetismo, paixón e barroquismo..!

ALBA – Sabela, estás ben?

SABELA – Eh...si. Veña, outra vez! Unha, dúas, tres!!!

(agora montan un auténtico espectáculo, digno dunha traxedia grega de Eurípides)

SOL – *(incitando ao público no aplauso)* - Bravo! Magníficas! Seguro que aquí atopades un montón de clientes, xa vos teñen fichadas!

ALBA – E xa está? Vaia choio!

ESTHER - Tamén podemos dicir unhas palabras...

SABELA – Pero non as ten que dicir alguén da familia?

SOL – A familia nin está, nin agardamos por ela. Veña, veña!

ALBA – Ah, pois vale!

SOL - Dicide algo bonito de min, eh? Xa que estou morta...

SABELA - Ben, pois... - *(dubida)* - É que, así, mirando para nós, da un pouco de apuro...

SOL – Vale, vale. Xa me deito.

(quedan as outras tres ollando o cadaleito, compunxidas, pero sen saber que dicir)

SOL – Non escoito nada

ALBA – Porque estás morta!

SOL – *(sinalándoa co dedo)* Ha – Ha!

ESTHER – Eh... Pobriña. Pois agora xa está nun lugar mellor...

ALBA – Todo pasa por unha razón e ti tiñas unhas cantas

SABELA – Deberías estar agradecida polo tempo que tiveches.

SOL - Carainas, que ben me queredes..! E así como tratades a unha amiga morta?

ESTHER – *(apurada)* - Agarda, agarda... E se contamos anécdotas dela, si? Que vos parece?

SOL – Será mellor... E con máis sentimento, que vaia trapallada de velorio! - *(déitase)*.

ALBA – *(meténdolle sentimento)* - Ai! Que pena! Xa non poderá “*escaquearse*” de pagar os cafés nas tertulias...

ESTHER – *(con moita dor)* – Sempre botou pestes do fútbol e agora é do Racing de toda a vida!

SABELA – *(na agonía)* – Xa nunca máis poderá pedir pedía unha tapa tortilla con cebola!!!!

SOL – *(erguéndose alporizada)* – Pero isto que é? O que ten que aguantar unha estando morta!!! – *(pausa)* - É sen cebola! A tortilla sempre sen cebola! Non tedes perdón de Deus! – *(comeza a saír do cadaleito)*.

ESTHER – Que fas? Xa rematamos isto?

SOL – Non me digades nada, eh? Co desgusto, estou que mexo por min!

ALBA – Tranquila, muller que xa nos imos...pero que facemos con iso? – *(senalando ao cadaleito)*.

ESTHER – Outra vez? Isto xa o vivimos antes!

SOL – Veña, para fóra! Que teño que atopar un baño!

(todas collen o cadaleito e prepáranse para saír)

SABELA – *(parando antes de saír)* – Agardade! Podemos facer un negocio redondo!

ALBA – Que queres dicir?

SABELA – Ademais de carpideiras, podemos ofrecernos como confrades! – *(dándose de conta)* – Eh!! E xa que saímos, podemos ir ensaiando o paso de trono... Pum, purrrrm... Pum, purrrrm...!

ESTHER – Carpideira e confrade dunha tacada! E eu que asinei un contrato para facer de corista!

SOL – Apurade e non me fagades rir, que non chego a tempo!

(saen todas)

ABAFAR– Un frenesí pandereteiro

*No medio do escenario está **SABELA**, cun foco só para ela e de costas ao público. As outras están a escuras, son a súa mente. Ela reacciona ao que elas din. Soa unha pandeireta axitada lixeiramente, coma se fose un baixo continuo. O ritmo e intensidade da pandeireta variará ao longo do número, ata chegar ao abafo. As palabras sacuden.*

(ALBA) - NAI – Come! Que fas? Esperta! Ven! Onde vas así? Dáme un bico!
Non sabes nada!

(CHARI) - FILLA – Mamá! Ven! Mamaaaaá! Axúdame! Non quero! Nooooo!
Déixame soa! Ti que sabes?

(CHUS) - PARELLA – Onde vas? Bícame! Non chamas? Xa mesmo! Como dis?
Quéresme?

(SOL) - AMIGA – Quen é ese? Que gorda estás! Non quero ir! Non vou!
Quéresme?

(KENY) - SUPERIOR – Ven! Agora! Axiña! Máis axiña! Vaite! Que fixeches?
Ti verás.

(PATRI) - MÓBIL – Cólleme! Contesta! Bip-bip! BIIIIIP! BIIIIIP! Está vostede chamando... Está fóra de cobertura...

(ESTHER) - NAI ANCIÁ – Axúdame! Non me fas caso! Por que non chamas?
Onde vas? Non me queres! Déixame!

*O ritmo vai incrementándose o que fai que Sabela comece a abafarse, **non pode deixar a mente en branco**. Pero hai un intre, no que ela atopa o mar e vai á beira, mete os pes e o son diminúe, reláxase, vai ao ritmo da auga que bate nela. O son da pandeireta é diminuto e as voces semellan suspiros. Mais todo retorna, e a mente comeza a encherse outra vez, “in crescendo”, e nese intre súmanse a Sabela todas as demais, sendo elas mesmas receptoras e emisoras desas mensaxes.*

Aos golpes da pandeireta, paran todas de golpe, onde estean... respirando axitadas.

A ESCURO

FINAL FINALISTA - RECITADA DE SAÍDA, XA SAEN AS HEROÍNAS

Na escuridade marchan todas. Cando volve a luz vemos a Chari, inmóbil. Tras unha longa pausa, fala, pero cústalle comezar.

- CHARI -** Estou en branco... Estou en branco...
- SABELA -** *(sae con burla)* En branco, muller? Improvisa!
- CHARI -** Non é un branco de tal guisa
- SABELA -** Acaso non vas continuar?
- CHARI -** O meu é outro cantar
- SABELA -** Non te moves, mais falas
De verbas estás sobrada.
- CHARI -** Vexo a fin, mais non a miña
Se non a desta farsa artista
- SABELA -** E por que non rematamos?
Que a xente aproveite un pouco
E vaia tomar un grolo?
E por que estamos rimando,
Con tanto lerele e tanto laralo?
- CHARI -** Cousas do dramado autor
que en rematando tal parece
que a épica lle aparece
inventando versos sen cor!
- SABELA -** *(ás outras)* Vide, vide, apurando!
Acudide todas aquí
Que en cousa tal me vin,

Un falso poema rimando!

(saen todas as demais)

KENY - A que veñen eses berros?

Isto é todo un desatino

SABELA - Compañeirás, agora rimo!

SOL - Como rimas? Con ripios?

SABELA - Tal é o enxeño do vate

Non pensar facíalle ben!

ESTHER - E semella que nós tamén

SABELA - Tamén que?

ESTHER - Ripiamos!

KENY - “Ora pro nobis”

ALBA - Así estamos!

CHUS - Miña nai, rimando estou

Diante de tanta xente

Que non soe impertinente

Pero ningún protestou?

PATRI - Non é momento de lamentos

E menos “*latineando*”

Que está a xente agardando

Para un final acertado

SOL - Están todos toleando

ALBA - Coma nós

KENY - E como remata isto?

Que xa está todo visto

ESTHER - Pois, como vai ser?

Defendendo o noso facer

Que en facendo todo isto

Vimos a vida de moitas

CHUS - Non tantas, non todas

SABELA - Mais estaban en nós animadas

De todas as formas sentidas

Faladas, bailadas, vividas

Choradas, ridas e amadas

CHARI - Coas nosas gañas e talento

CHUS - Pero pouco fundamento

A rima non é acicate!

Moinante, badulaque!

Responde a isto, Libreto!

ESTHER - Deixádeo en paz xa

Moito tivo que porfiar

PATRI - Mellor porfiar que enfermar

Dos nervos coma nós

Que tardando en entregar

Case que vemos a *Dios!*

SOL - Isto vai rebentar!

CHUS - Imos cheirar mal?

SOL - O que teño que escoitar.

Que hai que rematar!

ESTHER - Acabar, finalizar...

KENY - Ultimar, esgotar...

PATRI - Consumar, apurar...

SABELA - Fenecer, expirar...

SOL - E “Chim-púm”!!!

Ao lío que isto está feito

(achegándose ao público)

E se agora estou aquí

É grazas a elas e a vós

Que orgullo de compañeiras!

Que fachenda de afección!

(colócase na súa posición. As outras farán o mesmo cando toque)

ESTHER - E a esta Real audiencia

Querémoslle agradecer

Aturarnos con paciencia

E voltar o ano que ven

ALBA - Pasamos un bo rato

Falando de mulleres

Para gusto de vostedes

Sen lucir moito boato

PATRI - Queriamos vernos nelas

Pasando por unhas e outras

Reflexo de tantas vidas

Memoria de tantas loitas

CHUS - Ás que foron e ás que somos

Lembranzas das ilusións

Sementes dos nosos soños

Vai por todas, vai por nós

KENY - Por veces a vida obriga

a facer o que non queres

Pero non esquezades, non

As primeiras son vostedes!

SABELA - Amade a vida enteira

Amádevos a vós

Deixade forte pegada

Con garra, forza e paixón

CHARI - Imos logo coa última

Imos pola derradeira

Hoxe fomos heroínas

TODAS - Sexámolo a vida enteira!

(postura final fixa e)

FIN

En Ferrol, a 29 de setembro de 2023